

CURRICULUM

Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela, despois do traballo e obrigas como Alcalde o pouco tempo que dispoño dedícoo a familia e ó fútbol. Todos sabemos que as persoas con representación pública e responsabilidade política ante os cidadáns debemos esforzarnos por estar en todo momento ó seu servizo, e eso require de toda a dedicación que se poida dispensar.

A miña carreira política comeza moi de rapaz, afiliado ó Partido Popular dende o ano 1988, vogal na Executiva Local dende o ano 1991 e nomeado secretario xeral en 2002.

Entro a formar parte da Corporación Municipal como concelleiro no ano 2003, responsabilizándome da portavocía do grupo Popular no 2005, neste mesmo ano paso tamén a formar parte dá Executiva Provincial do Partido Popular de Galicia.

Nomeado candidato alcaldía nas eleccións do 2007, e elexido Alcalde de Boiro co apoio da maioría absoluta e nove concelleiros nas pasadas eleccións municipais do 22 de maio 2011.

Considérome unha persoa extrovertida e afable, cercana e comprometida en tódolos eidos sociais, nos que ademáis, sempre que podo procuro participar.

A política é para min unha gran paixón que me gusta combinar cunha boa dose de vocación de servizo ó benestar e interés xeral.

Juan José Dieste Ortigueira
Alcalde de Boiro